Galicia Encantada



ANIVERSARIO

2005 ❧ 2025

Enciclopedia de Fantasía Popular de Galicia

NOVAS / INICIATIVAS

Imaxinario e Identidade

Aínda que pareza un contrasentido, non resulta doado extraer aspectos identitarios específicos —pero ímolo intentar— da cultura popular galega porque o substrato é unha especie de magma compartido polas culturas populares do ancho mundo, que atende ás mesmas cuestións existenciais e que se resume nas respostas ás consabidas preguntas: de onde vimos, quen somos e a onde imos! Ou, se o prefiren, satisfacer a necesidade de saber que houbo antes de nós, que facemos aquí e, sobre todo, que virá despois!



O imaxinario é a esencia que amalgama e pon criterio, que harmoniza un complexo universo intanxible, que xera unha identidade intrínseca, perceptible na maneira colectiva de sermos quen somos, de recoñecérmonos nas expresións simbólicas que vertebran a nosa cultura.

A creación-invención de imaxinarios é produto de fantasías individuais e colectivas acumuladas ao longo de tempo, transmitidas xeración tras xeración, que se manifestan a través de mitos, lendas ou contos, de ritos, crenzas e prácticas, de saberes e coñecementos que converxen nunha sorte de crisol que decanta, refina e depura permanentemente esa identidade como valor constante, a pesar de ser mutante, e compacto, ao tempo que tamén é profundamente fráxil.

Entran, obviamente, máis elementos en xogo como a aclimatación á contorna natural, a xeografía cultural, a intervención no espazo, humanizándoo cando non sacralizándoo, e as conseguintes consecuencias desas intervencións humanas.

A identidade inmaterial

Así como existe e se percibe unha identidade obxectiva que se manifesta no tanxible ou nas formas de

organización social, territorial, administrativa, no patrimonio material ou na lingua, tamén existe unha identidade inmaterial que se expresa tacitamente no que e como facemos, dicimos ou pensamos colectivamente.

A identidade cultural tende á homoxeneización na súa natural multidiversidade. Somos os individuos os que desenvolvemos e manifestamos un sentimento de pertenza ao grupo aínda que non asumamos ou percibamos por igual todos os valores nin, necesariamente, teñamos que autoidentificarnos en oposición ou comparanza con outros grupos culturais pois, como xa queda dito, o imaxinario tende a dar resposta a dúbidas básicas e universais.

O pensamento máxico


Para entender e interpretar o imaxinario popular tradicional é necesario observar, estudar e interpretar as súas manifestacións e expresións culturais transversalmente. Debemos reparar en que xunto cunha lóxica pragmática, racional e natural intervén —outro aparente contrasentido— un chamado pensamento máxico que é outra maneira de razoar, común a todas as culturas en todo tempo e lugar.

O pensamento máxico mestura o racional co imaxinario, a intuición coa experimentación, o científico co empírico e o real co sobrenatural. E afecta a toda as fases da vida, desde a infancia ata máis alá, ata onde quede memoria de nós.

Todas as etapas e situacións ás que nos podemos enfrontar precisan dese tipo de respostas culturais. Os ritos, sexan máxicos, laicos ou relixiosos, non son máis ca repeticións que fan memoria cíclica desa forma de pensar e de actuar.

Se fixésemos, un supoñer, un censo de seres míticos ou de santos e santas, tanto ten, e das súas competencias ou funcións culturais axiña comprobaríamos que foron creados por nós mesmos para cumprir unha función arbitral: premiar ou castigar, conceder ou negar favores e dons que precisamos como a auga para a sede. Por tanto, teñen a misión de auxiliar ao grupo cultural no goberno das emocións humanas máis primarias.

Mais, deixemos de divagar e poñamos uns exemplos sobre o noso imaxinario e a súa contribución á identidade de ser e de sentírmonos galegas e galegos.



A mourindade, a nación mítica

Aínda que a rica cultura das nosas clases populares soe pasar desapercibida, a pouco que reparemos, por exemplo, na toponimia, decatarémonos de que a nosa xeografía real está nomeada con referencias insistentes a mouros, mouras, encantos ou tesouros.

Para quen coñeza, aínda que só sexa superficialmente, a nosa mitoloxía popular non resulta complicado entender isto. Son topónimos que derivan dun corpus mitolóxico xeneralizado e esparexido por toda a xeografía, e ata non hai moito tamén comprendido no seu significado máis profundo por case todos os galegos e galegas. Aí está a memoria metabolizada dun pasado idealizado, poboado por un amplo censo de seres máxicos, tanto masculinos como femininos, asociados sempre a lugares referenciais, sexan hábitats do pasado, espazos singulares da natureza, santuarios antigos e actuais, propiedades, haberes e pertenzas que no seu conxunto evocan unha utópica e fundacional Idade de Ouro.

Non hai espazo neste artigo para debullar os significados profundos das diferentes categorías de mouras (a vella, a moza encantada, a xiganta, a fiadora, a do arco da vella...) ou de mouros, nin tampouco os diferentes métodos que nos ofrece o saber da tradición para tratar de apropiarse deses tesouros que representan a ilusión de sermos como eses seres; magos, case deuses.

Abonde dicir que non hai parroquia galega que non conte con varios lugares e relatos deste tipo, todos idénticos e arquetípicos, o que confirmaría a universalización no noso territorio cultural dunha forma peculiar, identificadora, de pensar e de entender o microcosmos afectivo.

A mitoloxía arredor da morte

O mesmo poderíamos dicir da ampla e rica mitoloxía relacionada coa morte que constitúe todo un sistema perfectamente codificado e deseñado para dar respostas ao tránsito dun estado a outro.

Desde os agoiros que preavisan, os relatos sobre os rituais de paso dos corpos e das ánimas, os lugares imaxinados para o despois, descritos con detalle a pesar de seren o sincrético resultado de mesturas de tradición e de aculturacións, síntese dun cúmulo de experiencias de séculos e incluso milenios co obxectivo de satisfacer esa necesidade imperiosa de saber que vai pasar despois.

En resume, sempre andamos na procura dunha resposta á eterna dúbida humana, a preocupación pola transcendencia e pola perpetuidade da nosa memoria individual e colectiva.

Por moi pouco que afondemos en cada figura imaxinaria arredor deste transo axiña nos decataremos das coincidencias dos testemuños sobre, por exemplo, a composición exacta da procesión chamada Compaña ou das múltiples formacións de ánimas (hoste, xans, estadea, rolda), ou sobre as figuras que representan espíritos, sexan cabalos, cans, sombras, luciñas, se ladran ou falan, e que pretenden cando regresan entre os vivos para resolver asuntos pendentes ou como hai que facer para acougalos.

Desde Tui a Ribadeo, desde Fisterra ou Viveiro á Mezquita, sen termos polo medio ningún púlpito nin libro sagrado que nos adoctrine, coincidimos. Esa é unha mostra, outra máis, desa nosa común identidade que agacha o imaxinario popular e que pretendemos evidenciar.

A identidade do marabilloso

Sirvan unhas poucas liñas máis para lembrar que o noso imaxinario popular é o froito dunha longa convivencia e dunha experiencia colectiva que nos mantén física e intelectualmente vencellados a un espazo xeográfico e cultural do que nos consideramos, por ser obra dos nosos devanceiros míticos, lexítimos herdeiros. Precisamos crear, imaxinar, soñar espazos e lugares de encontro co sobrenatural para atopar as respostas ás preguntas transcendentais, para interrogarnos e recoñecernos a nós mesmos.

A identidade é o lévedo do noso imaxinario, o instinto que nos empurra indefectiblemente, inexorablemente, a tratar de comprender o misterio da nosa existencia.

© Antonio Reigosa

Artigo publicado no suplemento Sermos Galiza de Nós diario nº 147 con motivo do centenario da celebración do Día da Patria, 25 de xullo de 2020.